

JSON de cámaras de MeteoGalicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para as cámaras de MeteoGalicia a través da ligazón:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/jsonCamaras.action>

Este JSON ofrece a lista completa de cámaras dispoñibles de MeteoGalicia. Para máis información sobre as cámaras de MeteoGalicia consultar:

<http://www.meteogalicia.gal/observacion/camarasweb/camarasWeb.action>

1 Introducción formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por un único par de nome *listaCamaras* e cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican cada unha das cámaras e aporta información sobre a url da última imaxe dispoñible. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

identificador: identificador numérico único da cámara.

nomeCamara: nome da cámara

lat / lon: latitude e lonxitude WG84 respectivamente donde se atopa a cámara.

concello: nome do concello.

idConcello: identificador numérico único do concello.

provincia: provincia na que se atopa a cámara.

imaxeCamara: o valor é a ruta que se debe engadir á petición <http://servizos.meteogalicia.gal/> para obter a última imaxe da cámara. Por exemplo, se o valor é "*\\datosred\\infoweb\\clima\\webcams\\Ribadeoporto\\ultima.jpg*", entón a url da última imaxe é:

<http://servizos.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/clima/webcams/Ribadeoporto/ultima.jpg>

imaxeCamaraMini: ó igual que o caso anterior, o valor deste par é a ruta da última imaxe da cámara pero neste caso con unha resolución inferior.

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>